


ENCRUCILLADO CARLOS CASARES



REAL ACADEMIA GALEGA

ENCrucILLADO



HORIZONTAIS

4: Editorial que dirixiu desde 1986.

6: "Recordo colectivo que queda de algo ou de alguén". A súa novela 'Os mortos daquel verán' explora ese tema respecto da guerra civil.

7: "Maneira de actuar na que se fai uso da forza física ou da intimidación moral contra algo ou alguén". Tema moi presente nos relatos do seu primeiro libro publicado, 'Vento ferido'.

10: Ocupación na que se involucrou nos anos de transición e comezos da democracia, implicándose de xeito intenso na reivindicación da autonomía para Galicia e na andaiina inicial das institucións de autogoberno.

12: Personaxe protagonista da serie de relatos infantís ilustrados que escribiu a comezos da década dos 90.

15: Ao pouco tempo de comezar a exercer de profesor de instituto é expedientado xunto a outros profesores. Todos os castigados eran...

16: Protagonista do famoso libro que traduciu ao galego en 1972.

17: O tema sobre o que trataban os seus artigos no xornal La Voz de Galicia, publicados desde 1975 na columna "A ledicia de ler".

18: Aquí sentou, elixido pola cidadanía como representante, no ano 1981.

VERTICAIS

1: Foi un dos asinantes dun manifesto xurdido co obxectivo de conseguir un Estatuto Galego á par do catalán e o éuscaro. O manifesto titulábase "Realidade...."

2: Revista que dirixiu desde 1988.

3: Coa novela 'Xoguetes para un tempo prohibido', de contido marcadamente autobiográfico, gaña en 1975 o premio convocado por esta editorial co gallo do seu 25 aniversario.

5: Vehículo no que xunto a outros escritores de toda Europa viaxou no ano 2000 durante un mes polo continente nunha experiencia de convivencia literaria.

8: "Calidade ou actitude do que non respecta e trata de reprimir as opinións e actitudes dos demais cando non coinciden coas súas". É un dos eixos arredor dos que trata a súa novela 'Ilustrísima'.

9: "Sentimento de profundo afecto cara a alguén". É un dos temas da súa derradeira novela, 'O sol do verán', publicada postumamente en 2002 e Premio da Crítica aquel ano.

11: En 1974 gaña por oposición unha praza de profesor de Lingua e Literatura Española. Comeza a exercer nesta vila da comarca do Morrazo.

13: Entre 1972 e 1974 escribiu unha columna titulada "Con esta lupa" no diario 'La Región' editado nesta cidade.

14: Cidade na que posteriormente seguirá a súa carreira docente, xa como catedrático.

16: Acrónimo do club internacional de escritores cuxa sección galega axudou a fundar e presidiu.



REAL ACADEMIA GALEGA